

# REXURDIMENTO

2.<sup>a</sup> ÉPOCA

ORGAO DA I. N. G.

1923

## Deixade que durman os mortos.

**M**ORTOS de Sobredo...! Aínda non vos abondou con serdes mortos na hora roxa d'aquila traxedia. Aínda non vos abondou con serdes vítimas «do imperio brutal da lei sin lei, qu'estoumiña o Dereito». Aínda dempois de mortos voan por riba de vós os corvos agoirantes. Podéchedes ser bandeira pra a Terra, e sodes, nas horas d'hogano, panterlo pra engayolaren á os vosos irmás.

Foron, das vilas apolrecidas, cabo de vós, os «señoritos» qu'andan na precara de colocaciós políticas. Fixeron dos vosos cadavres unha bandeira noxenta, pra convertiren en boas as mercancías fanadas. Entre elas, quen pertence a un partido político do que o xefe ven decindo, a'os ca'ro ventos, que non lle tremará o pulso pra rubrare sentenzas de morte. Entre eles, xentes dos chamados partidos liberaes, d'ises partidos que teñen no seu haber as mortes de Narón e de Nebra e de Sofán. ¡Mortes de irmás vosos, que como vós morreron; que son tan mortos sagrados como vós e que aínda están agardando a hora da súa vinganza! ¡E son os cómplices d'isas mortes — ¡ou mortos de Sobredo! — os que queren facer de vós bandeira, cando aínda agardan os outros mortos por quen lémbrese d'iles como de vosoutros se lembran!

Non podéchedes chegar a menos, ou mortos de Sobredo! Están facendo de vós unha plataforma electoral. Voan os corvos da política por riba dos agros de Tuy, porque alí hai carnaza probabel, e todos queren fouzar nas vosas campas, pra amostraren a todos unhas pelerchas arrincadas dos vosos esqueletes e faceren d'elas bandeira de bandeiría.

\* \* \*

Decídelles, irmás labregos de Tuy, a ises «señoritos» inúteis, que deixen durmir á os vosos mortos na

paz de Deus. Si algú d'ises «señoritos» vos inganara, e coa bandeira dos vosos mortos fora erguido por vós, xa sabedes o que faría; xa o sabedes pol-a boca do seu xefe. Cando cheos de fe, a terra aínda escrava do foro, quixerades revoltarvos, o xefe d'ise «señorito» non tremaría ao rubrar a vosa sentença de morte. Cando algún dos outros «señoritos» trunfara, e desfeitos os caciques que agora tedes, houbera os que vos puxeran ises «señoritos», ben vos viría estardes calados. Si vos reboltábades como en Narón... non

vos esquezades do qu'en Narón fixeron; si berrades como en Sofán... Lembra'edvos deo qu'en Sofán pasóu. Tamén alí foron mortos os vosos irmás, como foron mortos os vosos irmás de Sobredo.

Que fagan bandeira do que queiran, pro que non-a fagan dos vosos mortos, qu'os deixen durmir na paz de Deus. Si eles estiveran no poder, tamén serían ben capaces de repetil-a traxedia de Sobredo, irmás labregos! Non-os creades. Os vosos mortos son pra eles unha prateira. Os desprezan fundamente. Sinten polos vosos mortos menos piedade qu'os matoron, fixérono sin finximentos, á lus do día, con prena concencia e con prena responsabilidade. Istes «señoritos» que vos falan agora dos vosos mortos non sinten piedade por eles. Queren traducir as mortes en votos, en votos pra figuraren en Madril; pra se lociren á vosa conta e a conta dos

vosos mortos queridos. Pra iles os vosos mortos son unha ganziá política. ¡Si non houberan morto os vosos mortos, eles terían de inventalos.

Decídelles, irmás agrarios de Tuy, a'os «señoritos» que deixen a os vosos mortos durmir na pas do sono eterno.

*Traballadores da terra: termade do agrarismo, pois de non, axiña ficará converso n'unha cousa valeira, somentes axeitada pra faguer ruido coma o tambor da parábola de Tolstoi.*

*Traballadores da terra: decatádevos de que os señoritos que cubizan unha carreira política, a costa dos vosos votos, van trocando o agrarismo n'un árbol cheio d'inxertos caciquís, cuíos froitos tendes diante dos ollos: agrarismo reformista, agrarismo demócrata, agrarismo gassetista, agrarismo lerrouxista, agrarismo conservador... ¡Os mesmos cás con colares novos!*

*¿E pra iso loitáchedes, sufríchedes mágoas e vos impuxéchedes sacrificios?*

*O agrarismo galego, si quer ser algo forte, non pode ser mais que agrarismo, e agrarismo quere dicir, cousa d'agrarios, sen mestura de señoritos politiqueiros.*

*Outra cousa é perpetuar a vosa escravitude.*

JAIME QUINTANILLA.

## Retrousos d'un petrucio

Comprir c'ó deber non é superarse.

E ¿quen deica agora fixo mais que cumprire con parte do seu deber, inda non con todo o deber na Galiza?

Non faigamos, pois, héroes enantes de tempo.

Non cingamos calquer cabeza con coroa de loureiro.

Porque aínda hai poucos galegos entr'os *gill-gos*

Evos consello d'un vello que se decata do pouco camiño que hai que percorrere pra chegar dend'o su-brime ó ridículo.

Os primeiros héroes galegos non han sere homes políticos indefinidos ou turbamente definidos.

Nin as primeiras vítimas probes irmáns analfabetos.

Quen queira entender, que entenda.

¿Cantos candidatos a deputados agrarios téñense comprometido solemnemente, concretamente e categóricamente diante dos seus eleutores a defenderen, por riba de todo, as aspiracións de Galiza nas Cortes?

¿Cantos d'esos candidatos se comprometeron a deixar-lles ós eleutores a renuncia da autá firmada, pr'o caso no que de se discutire no Parlamento un asunto d'intrés pra Galiza ou calen coma mortos ou se incriñen da banda dos compromisos do partido ó que se achán afiliados?

Porque de candidatos agrarios a secas, apenas si se contan dous...

Dixome o médico:

—Ai, ho, o partido agrario, estache doente de gravidade.

—¿E logo, señor?—pergunteille.

—Ten unha enfermidade mortal.

—¿E como se chama isa enfermidade?

—Agraritis urbana, cuio bacilo eche o señorito politiquero.

Poida que o condanido do médico teña razón. Eu creio mais nos médicos que nos abogados.

R.

## As próximas Esposicións d'Arte Galega

Agardamos con verdadeiro intrés as que se veñen orgaizando en Santiago e a Cruña, pr'ó vrán próximo. O importante d'elas, pra nós, e que han servir de demostración—unha demostración mais—do que nós vimos predicando. Galiza ten unha fala sua, un pensamento e unha concencia seus, e unha literatura e unha música propias. Había quen coidaba—e aínda o dixera a Pardo Bazán—que Galiza non era terra de pintores e de escultores. Nós, cheos de confianza, agardábamos. Namentras Galiza vivira asoballada espiritualmente; namentras os nosos pintores e os nosos escultores recurriran ás cousas de fora pra facer Arte, Galiza non xurdiría n'istes aspectos artísticos. Pro eisi que Galiza escomezara a se decatare da sua personalidade e de qu'eiquí, drento da casa, tiña elementos d'abondo pra non lle pedir inspiración ás cousas de fora, a Pintura e a Escultura galega serían un feito.

E un feit' son. Sotomayor, facendo cousas nosas, é, xa, unha gloria mundial. E ó mesmo chegará a ser

Asorey, como escultor. E ó mesmo son e serán Castela, e Abelenda, e Corral, e Sobrino e Xan Lois, e Bello Piñeiro e Llorens e tantos outros mais.

E todos istes artistas, en mais ou menos, queiran ou non, son xa nazionalistas. Porque pra nós é nazionalista todo o que faga unha cousa galega, pura e nidiamente galega. Que a Nación galega non terá de ser unha creación política nin unha argallada d'uns cantos soñadores. Será o resultado do esforzo de todol-os seus fillos, creando e facendo obra galega, por e pra Galiza. E nazionalistas, tamén queiran ou non, son os orgaizadores d'istas Disposicións ¡Xa pasaron do pandeiro e da gaita! ¡Xa fixeron que se vexa un algo, mais trascendente! E ista mostra da Galiza enxebre y-eterna, galega e nada mais que galega, tan diferente da Galiza hespañolizada, é unha afirmación categórica, queiran ou non, da nazionalidade de Galiza.

Porque todo o que nos difrencia dos demais, canto mais millor, será y-é a proba mais rexa da nosa vitalidade propia.

## Non poderán con nós

Poderán as cadeas  
agrilloal-os peitos,  
encol dos rexos corpos  
gravitarán os ferros,  
os brazos apreixoados  
pcl-o asoballamento,  
inermes e cinguidos  
pra os varudos intentos  
se:án ixustamente  
submetidose opresos.

Mail as outas ideas,  
os sagros pensamentos  
ninguen pode cingil-os,  
ninguen pode contalos: nin Deus mesmo.

Poderán os oscuros  
d'inxusticia famentos,  
asoballal-as almas  
no ruin choemento;  
e sobre das concencias  
deixar sentil-o peso  
brutal da lei sin Lei  
que estoumiña o Dereito  
entre as paredes mouras  
do miserable encerro.

Mail-as outas ideas,  
os sagros pensamentos,  
ninguen pode cinguil-os,  
ninguen pode contal-os: nin Deus mesmo.

Oh nobrés luitadores,  
dos meus garridos eidos!  
c'os nosos peitos fortes  
fundidos n'un só peito,  
s hai que cair cáhamos  
crevando o duro ferro,  
e no chao benamado  
dexeimol-o regueiro  
de luz de Liberdade,  
e na abirta, a semente do Dreito.

Poil-as ideas santas  
os sagros pensamentos  
ninguén pode cinguil-os  
ninguén pode contal-os: nin Deus mesmo.

Victoriano Taibo.

## SEIÇÃO OFICIAL

## Resume da V Asamblea

No Salón do Concello Provincial de Fomento da Cruña ós 18 e 19 días andados do mes de Marzo xuntáronse, pra celebraren a V Asamblea da I. N. G., os representantes das delegacións que integran o noso organismo nos diferentes povos da Terra.

Abriu o auto Vicente Risco, e compuñeron a mesa por eleución, A. Villar Ponte, coma presidente e M. Fernández Barreiro, coma segredario.

A Asamblea acordou ratificarse nos acordos de Monforte, sin perxuízo das modificacións de forma derivadas do agora aprobado.

Fica aprobado o proxecto d'organización proposto pol-a Delegación da Cruña, con algunhas enmendas. Iste proxecto áchase c'oa aut-a orixinal no poder do Conselleiro Supremo, e un extracto do mesmo e da aut-a, xa se ten enviado a todas as Delegacións.

Acórdase someter a estudio das Sociedades agrarias a idealoxía nazonalista pra sabere cantos puntos do noso ideario acetan.

Pra iso enviaráselles un cuestionario craro e concreto, redautado pol-o Xefe.

Acórdase faguer un estudio pra o intento de creación d'unha confederación do Traballo Galego.

Acórdase protestar n'unhas outavillas que se espallarán enantes das eleucións e n'un manifesto despois das mesmas, contra a farsa política que se repersenta en toda Galiza.

Acórdase faguer pública na imprensa, enviándoa a onde corresponde, unha protesta contra do Executivo do Centro Galego da Habana, que, por presións alleas á nosa colonia de Cuba negou os seus salóns pra unhas conferencias divulgadoras do credo nazonalista, despois de os ter ofrecidos.

Acordáronse outras cousas d'orde interno que, costan na aut-a, entr'elas que as próximas Asambleas non poidan facérense sin convocalas c'un mes d'anticipación e que autue c'o cárrago de irmán viaxante Liste Mourenza.

Reelixiuse por unanimidade, Conselleiro Supremo o honorabre Vicente Risco.

E ó berro de ¡Viva Galiza ceibe! declaróuse choi-da a Asamblea.

## Reorganización de Delegacións

A de Vigo reorganizouse con grande entusiasmo, elixíndose o seguinte consello: Conselleiro, Valentin Paz Andrade; Segredario, Xavier Pardo; Tesoureiro, Manuel Vázquez Fernández.

A de Santiago tamén ficou reorganizada convenientemente.

Estárase organizando e reorganizándose outras.

Os irmáns que teñen dreito a il, vánse provistando do *carriel*.

## Iniciativa da I. N. G.

Efeuto d'un oficio enviado pol-o Conselleiro Supremo ó Concello de Santiago, este acordou darlle o nome de Rúa de Rosalía Castro ó Camiño Novo d'aquela cidade, desexo espuesto na Asamblea da Cruña.

Tamén o Xefe oficiou ó Concello cruñés pra que non abandone o proxecto patriótico de creación da "Institución cultural Murgia-Rosalía.

## Conselleiros novos

O Conselleiro Supremo, nomeou Conselleiros de Publicidade e Espallamento, respectivamente, ós irmáns A. Villar Ponte e Xaime Quintanilla.

## Comité d'organización

Ficou desñada pra compoñelo a Delegación da I. N. G. na Cruña.

Ó seu segredario Xosé Calviño ou ó Conselleiro de Publicidade A. Villar Ponte, deben dirixírense todolos que desexen algo relacionado c'o a organización.

Xa de moitas vilas recibíronse novas referentes á constitución de subdelegacións.

## Conferencias nazonalistas

Na Exposición do paisaxista Imeldo Corral en Santiago, deron conferencias os irmáns A. Villar Ponte e Xaime Quintanilla.

Darán outras na Cruña, Vicente Risco, Lousada Diéguez, Cuevillas e Castalao.

## Ideia dina de se estudiare

Coidamos que poucas cousas poderían faguerse de momento pra o xermolo d'un amore fondo ás nosas actividades raciaes, coma unha Exposición de vellas industrias galegas.

Ista Exposición ceceais dese un froito xurdio: o de decidir a alguns organismos da Terra a pensaren na necesidade de crearmos o Museu Etnográfico, pol-o que tantos homes ilustres da Galiza levan falado nos xornás e nas revistas.

Deica agora, somentos o patriano Enrique Peinador e o seu irmán, tiveron o acerto d'intentaren o ensaio de tal crás de museu, perto do famoso Balneario de Mondariz, c'o ouxeto de probar a todos canto n'este senso poderíase faguere de haber agarimo nas xentes da nosa Terra pra as cousas da Terra que millor falan d'unha cultura específica e das aptitudes da Raza e das necesidades do país.

Ben están as Exposicións d'arte (pintura, escultura e arquitectura) que en Compostela e na Cruña vanse organizaren o vrán próximo.

Pro isa outra de vellas industrias galegas que nós propoñemos a todol-os xornás e revistas da Terra, c'o ouxeto de que lle fagan ambiente, inda coidámola mais útil n'estes momentos d'espertar do noso pobo.

Porque agora inda pódese recadar mostras características de tales industrias; pero logo ha ser tarde pra tal intento, xa que nas correntes modernas do progreso andan a naufragaren os intrerantes restos d'aquelas industrias, e unha vez perdidas nada poderá faguerse.

Pensem, pois, todos na importancia patriótica de dita Exposición.

## ADEMINISTRACIÓN DE REXURDIMENTO

Praza dos Irmãos García Naveira, 22, BETANZOS

# SARNA

(SIN BAÑO)

—¡Ay canto me pica a sarna  
Inés do meu corazón.  
—Eso cúrase, ten calma:  
merca **ESTEAGENOL LAFONT.**

É o remedio soberano pra combatir o «Sarcoptes». Sólido. Olor grato. 1'50 ptas. en todas as Farmacias e Droguerías d'España e Norte d'África, e na Farmacia da Vda. Lafont, Cantón Grande, 39. BETANZOS.

## UNHA ANÉUDOTA

### DE LOIS PORTEIRO.

Vereles: n'un d'os nosos mitins ergueuse un rapaz novo a protestar contra a propaganda en galego, e co'a mirada fera dixo a grandes berros:

«¡¡Viva la internacional!!»

¡¡Viva!!...—contestei eu.

Houbo unha pausa; e engadin:

«Pero o único viva que hay eiquí expresión dun desexo de liberdade é o meu».

«Viva o internacional, quer decir que vivan tódalas naciós libremente, e nelas libremente todo-los homes falando con liberdade nas suas linguas».

«Quen pense que berrar ¡viva a internacional!, quer decir que viva unha soila lingua e desexa a morte das mais; e quere afogar a liberdade política dos pobos pra impoñer un imperialismo, é un neto de Carlos V con careta socialista. É o millor é que a quite, e poña ó descuberto a sua ambición de tirán, o seu espírito de inquisidor»... É acordeime de Alvaro de Albornoz cando dixo: «Levades a liberdade nos beizos y-a Torquemada no corazón»...

## “HIJOS DE A. NUÑEZ”

CASA FUNDADA EN 1871.

Almacén de tecidos e mobles

Sánchez Bregua, 2 e 43

— BANCA —

Compra venda de valores, xiros, órdes telegráficas e toda crás d'operaciones bancarias.

## UNHA GRANDE IDEIA

### A Istitución cultural Rosalía-Murguía

*Illes queren que escomencemos pol-o estudo e emprego da lingua que falamos mais de dez séculos. Fan ben: pobo que esquece a su lingua é pobo morto.*

Murguía

Un colega espuxo n'unhas sinxelas liñas en galego que publicou “El Noroeste”, da Cruña, a idea de crear a Istitución cultural Murguía-Rosalía, coma o millor homenaxe a ista admirabel parella nala na nosa Terra e honra suprema da Raza.

Dita Istitución cultural terá coma ouxeto inmediato o recompensare anualmente c'un premio en metálico o millor estudo en prosa galega ou castelán (nós engaderiamos que en calquer idioma do mundo) encol de cousas da Galiza (historia, arte, ciencia, critica, etc) e con outro premio, tamén en metálico, o millor poema ou novela escritos en galego.

O primeiro premio nomaráse premio Murguía, e o segundo, premio Rosalía.

A Istitución, ademais de donállos premios, encarregaríase de imprimire os traballos n'unhas edicións de formato uniforme, que ó longo do tempo constituirían unha interesante biblioteca de cultura galega.

A venda das obras, sería unha fonte d'ingresos pra a Istitución. Pro a base do sosteuimento económico da mesma, acharíase na contribución d'un peso coma mínimo, ó ano que cada axuntamento galego e cada xornal e cada centro docente da nosa terra, donase pra tal efecto. Contribución—que non supón sacrificio pra ningún—e que remataría tan axiña coma houberase xuntado un capital d'abondo pra render os intereses anuais percisos pr'os premios, capital que podería ser engrosado con donativos de particulares por unha soila vegada.

O alcalde e o concello da Cruña acordaron en sesión pública levar á práctica tan patriótica e fecunda idea que toda a prensa galega gabou con entusiasmo.

Nós coidamos que Galiza enteira ten obrige de se preocupare do asunto, pois él constitue o millor homenaxe a Murguía e Rosalía e ceçais a cousa mais proveitosa pra a cultura enxebre.

Supón a primeira contribución vountaria de toda Galiza pra unha obra exclusivamente galega; supón, asemade, o primeiro tanteio pra chegáremos á «unidade espiritual» da Terra.

O cimento mais forte pra o erguemento do edificio nazonalista.

O éisito terá de ser seguro se os que se encarregaron de realizal'a feliz idea non se tumban no cabezal da preguiza. C'un pouco d'entusiasmo e unha pouca de aitividade, o trunfo ha resultar xúrdio.



**NÓS** BOLETIN MENSUAL  
DA CULTURA GALLEGA

Ademítense suscripciós n'esta redación.

¿QUÉREN FICER ECONOMÍAS?  
MERQUE NA CASA

## ABARRÁTEGUI-BONOME

Pañería, Lanería, Pañolería, Paquetería, Camisería, Lencería e demais tecidos.

Sánches Bregun, 3 (Soportás d' Pr.:)



## ZAPATERIA DO CANTON

A que máis surtido ten.  
A que máis barato vende.  
Compre vostede alí.

## H. COMERCIO

*Ramón G. Pernas*

(SUCEADOR DE JOHAN LOPES)

Pr.: d' Arines.—BETANZOS Teléfono núm. 18  
É a mellor, máis céntrica i-económica da cidade.  
Visítana os señores viaxeiros e convenceráanse

## CHAMPÁN "GALICIA"

DA RAMALLOSA (VIGO)

Pódese pôr en competencia  
co'as milliores marcas extranxeiras.

## PAQUETERÍA-QUINCALLA

## El Gato Negro

PRECIO FIXO

## JOSE IGLESIAS MASDIAS

MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA

Pr.: da Constituzón, 2.

## FERRETERÍA

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en  
bateiría de cociña.

Non merquedes denantes de visitar esta casa.

Ferreiros. 19.—BETANZOS.

Si queredes mercar barato visitade o novo  
establecemento de

PAÑOS, TECIDOS E NOVEDADES

## R. MONTES

Quatruvessa, 2, esquina ós Prateiros, — BETANZOS

PRECIOS FIXOS

## CONFITERÍA

— DE —

## Constantino Rabade

SOPORTÁS DO CAMPO

Dulces finos. Fánse toda crás d'encárragos.

## H. LA CORUNESA

ESMERO I-ECONOMÍA

Valdoncel, 18, BETANZOS

## LA MODERNA

GRAN FÁBRICA DE GÁSEOSAS

E AUGAS DE SELTZ

ELABORACIÓN ESMERADA e HIGIÉNICA

PRECIOS SIN COMPETENCIA

*Manuel V. Gómez*

CASCAS.—BETANZOS.

## BAR "ROMA"

Riestra, 16.—PONTEVEDRA

O mais visitado pol-os pontevedreses.

## SOBRINOS DE JOSE PASTOR

BANQUEIROS

A CORUNA, VIGO, LUGO, OURENSE, VIVERO

Realizan toda crás d'operaciós de Banca e Cambio.

## BALNEARIO DE MONDARIZ

As milliores augas minero-medicinás bicarbo-  
nata i-sódicas da Península.

FILLOS DE PEÑADOR, propietarios.

**MARXINAES**

Calquer individuo.—sexa ou non da categoría de persoaxe—por moito que alardee de agrario e de defensor da redenzón da terra, endexamáis poderá sere considerado pol-as persoas sensatas mais que como un farsante si non fai por crebare, púbrica e terminantemente, os lazos políticos que o xunguen a un partido cuia representación no país son unhos cantos feudos caciquíes dos mais vergoñosos e noxentos.

\*\*

Discursos, discursos, moitos discursos. E nós decimos: feitos, feitos, moitos feitos, e antre eles, o pirmeiro, unha radical decraración de guerra a todol-os partidos monárquicos hespañoes qu'en fin de contas son aos que pertencen os tiranos e as oligarquías que teñen escravizada a terra galega, constituíndo pol-o tanto ditos partidos as ubres fecundas de onde zuga a caciqueiría o alimento que a mantén rexa e con forzas.

\*\*

Ocúresenos unha pregunta que, por si soia, dí mais que moitos traballos concenzudos e meditados. Ista pregunta é: ¿Por qué producindo a Galiza moito mais mainzo que calquer outra rexión da Hespaña, desexa firmementes que se rebaixen os dereitos arancelarios, cando outras rexións sen produciren sinon cantidades reducidísimas opóñense a tal rebaixa?

\*\*

A política ao xeito hespañol—xeito tan característico que cicais sexa único no mundo—é a serie d'esforzos, componendas e traballos realizados pra o millor e mais doado abranguemento de postos oficiaes que, dando poderío e influencia persoal, poñen ao individuo afortunado en condicións de vivire coa menor cantidá d'esfuerzo.

Cicais isto esprique a causa de que tantos vagos e *vagos* aspiren a serea políticos.

\*\*

O trunfo do nazonalismo, isto é, das reivindicacións das difrentes nazonalidades ibéricas, supón o troque radical de toda a orgaización burocrática eisistente na actualidade.

N-outros termos. O trunfo nazonalista ten de levar consigo a desaparición de moitos medios de vida doados e remuneradores. Por iso compréndese que o nazonalismo teña tantos e tan enrabexados enemigos.

\*\*

Antre todol os orgaísmos artificiosos creados pol-o Estado destacan pol-a súa artificiosidade máisima iso que chaman diputacións provinciaes.

Mais ou menos, todo o mundo sabe e decátase de cando son as eleccións de persoeiros parlamentarios, etcétera, etc.

Das disputacións provinciaes ninguén sabe outra cousa sinon que soio sirven pra estorbaren os acordos beneficiosos dos concellos, e que os individuos que as compoñen son, pol-o xeneral, a quintaesencia da cazurroneiría, do servilismo e da incivilidade caciquíes, até o punto de semellaren verdadeiras seleccións á inversa.

R. V. P.

**Traballos patrióticos dos galegos da Arxentina**

Anda o Centro Galego de Bos Aires pra ver se consegue fundar unha Bolsa do Traballo pr'os emigrantes galegos, e a iste efecto mandan á nosa Terra a faguer propaganda encol do asunto ó Sr. Rodríguez Díaz.

Se consegue tal cousa o Centro Galego da capital da Arxentina, haberá conquerido unha grande vitoria, dina de fondas loubanzas.

Creare unho Bolsa do Traballo galego-americán que radique na Galiza e esteña en relacións c'os Bolsas xa creadas pol-os galegos nos diversos países do estranxeiro, encargada de fomentala instrución técnica e facilitar a repatriación naqueles casos que señan xustificabres, tería de ser do mais fecundo e útil pra a nosa Raza, porque nada coma os nosos irmáns que nas Américas non atopan traballo, pro atopan fame d'abondo, contribue á decadencia d'aquela, que vai sendo xa alarmante.

Nós apoiaremos con verdadeiro intrés as patrióticas xestións dos galegos da Arxentina, con tanto maor motivo canto que a idea de criación d'isa Bolsa do Traballo naceu d'un estudo feito pol-os irmáns Risco, Lousada e Noguerol na Asamblea nazonalista de Compostela.

Pois isa Bolsa do Traballo, e as Esposicións permanentes de produtos e industrias da Terra, nos domicilios sociaes dos centros Galegos das Américas, tamén iniciativa dos irmáns de Bos Aires, son duas cousas das mais patrióticas que os emigrados poden faceren pra ben de todos.

**Liñas acraratorias**

Noso bó irmán Xosé Calviño dinos que non é él o que figura antr'os aderidos ó xantar ó Sr. Vázquez Enríquez.

Noso bó irmán A. Villar Ponte préganos tamén fai-gamos costar que tendo sido invitado pra o mesmo xantar, envioulle ó Sr Puertas Roa unhas liñas de cortesía nas que lle manifestaba que agradendo a invitación non podia acutala inda decatado da cacicada do Viturro, porque achábase afiliado a I. N. G., cuia disciplina impide tomar parte ou adherirse a actos políticos relacionados con persoas ligadas ós partidos hespañoes ou con cousas eleutorás.

Tamén nos din os irmáns Calviño e Villar Ponte que o de pensar n'un mitin agrario galego en Madri é tan absurdo ó seu xuicio coma o de faguer unha corrida de touros pra festexar un trunfo agrarista.

**REXURDIMENTO** dase gratis a quen o solicite na Terra e fora d'ela.

IMP. DE M. VILLUENDAS.—BETANZOS



## CATECISMO DO MOZO PATRIOTA

## ONDE DI CATALUÑA, PÕÑASE GALIZA

Decátate, fillo de Cataluña, que tódol-os homes da terra acochan na súa natureza a forza da súa raza.

A raza é unha mesma língoa, unha mesma tradición; un arte e unha cencia propios, unha careiterización natural e definida

A raza faina a terra.

A raza e a terra son a tua Pátria.

A Pátria é coma a nai; somentes se ten unha.

Unha Pátria e unha bandeira.

E ti, mozo catalán, di ¿cal é a tua Pátria?.

¡Ah, que a i-alma se che revolte airada pra te culpare de tanta vergonza!

¿Por qué non defendes a Cataluña?

¿Por qué non falas e escribes sempre que seña posible co'a língoa que che fixo dependere tua nai?

¿Por que non xúntal-o teu esforzo ó dos teus irmáns-da Patria que loitan pol-a redención de Cataluña?

Ouserva tódol-os pobos da terra e non ollarás ningún en ningures que esqueza a súa hestoria e renuncie á súa liberdade.

Pensa que es fi lo d'un pobo que foi libre e que naceu pra ser dos mais libres do mundo e hoxe salaia decaído e manso baixo o peso embrutecedor das cadeias.

Os teus ollos son un espello fiel da montana, do mar e do ceo nosos.

A tua i-almá fai deitar a frol de labio, a fala catalana, que a terra nai plasmou nas xeneracións milenarias.

Emporiso, a tua i-alma catalana sigue escrava; non tódal-as cadeias son de ferro.

Follea a hestorea e non os versos somentes. Síguea co'a ampletude do teu criterio e decataraste de como mostra os inimigos de Cataluña.

Fai, entón, xuramento de loitares por ela.

Pol-a súa liberdade, pol-a súa xustiza e pol-o seu honore.

¿Comprendes cal é a súa minción libertadora?

Entón, prepárate. Prepara a tua intelixencia, a tua resistencia física, e a tua forteza moral.

Que na hora da loita non decaia o teu curazón nin o teu espírito.

Anda a te exercitares físicamente. Vai á montana e baixa ó mare. Teus son o mar e a montana da nosa Cataluña.

Nas horas de paz estudia, ¡quen sabe no que e coma poderás servire á Pátria!

E na calma e no silencio, onde o teu fervor patrio faguerá que a tempestade xurda.

Gana pra a Patria, o teu irmao, que traballa ond'a ti na oficiña, no taller, ou no sulco da campía.

Non bebas, non xogues, non te emputañezas. Es un home que tes unha responsabilidade contraída c'os teus deica o fin do mundo.

Antepón ó teu intrés persoal ó intrés supremo da Pátria.

Odia ó treidore.

Mantente disciplinado e agardando o trunfo final.

O día xurdio da vitoria xa virá.

(Este Catecismo foi editado pol-a Oficiña de Redacción e Propaganda de «L'Estát Catalá.»)

## MOVIMENTO NAZONALISTA

## GALEGO

O Nazonalismo quer reivindicar a persoalidade e os dereitos da Nazón Galega en todol-os ordes. Iste movemento naceu a mediados do século pasado, na eradita dos Precursores, dos que o mais ilustre foi Rosalía de Castro; foi reducido a corpo de doutriña en 1880 por Alfredo Brañas, e orgaizado en forma militante en 1916 coa fundación da primeira Irmandade. A primeira Asambreia nazonalista galega foi a de Lugo o ano 1918, na que s'estabeleceu o programa mínimo do Nazonalismo galego. Na IV Asambreia nazonalista, tida en Monforte de Lemos o ano de 1922, ficou fundada a Irmandade Nazonalista Galega.

A Irmandade Nazonalista Galega ten por fin a formación d'unha forte concencia nacional galega que nos enxebrice totalmente e que nos leve a conquistar a autonomía integral da Galiza e o mais outo grado de progreso moral e material pra Ela.

A Irmandade Nazonalista Galega ten por xefe un Conselleiro Supremo, asistido de catro Conselleiros e un Segretario Xeneral:

Ten Delegacións na Cruña, Ferrol, Ourense, Santiago, Betanzos, Monforte, Viveiro, Vigo e Bayona, en Madri e mais na Habana.

O seu orgao oficial é o REXURDIMENTO, que se publica en Betanzos. Algús elementos d'ela publican n-Ourense o boletín de cultura galega NOS e a publicación literaria CELTIGA no Ferrol.

Quen desexe informacións tocantes á I. N. G. e ó movemento nazonalista galego, pódese dirixir:

Na CRUÑA a José Calviño, Orzán 33.

No FERROL a Jaime Quintanilla, médico, Rúa de Dolores.

Nº OURENSE a Alfonso V. Monjardín, Progreso, 23.

En SANTIAGO a Victoriano Taibo,

En BETANZOS a Paulino Naveira, Pardiñas, 4.

Na Arxentina, a José Ares Miramontes, en Rosario de Santa Fé,

En MONFORTE a Benet Fonten'a, notario

En VIGO a Valentín Paz Andrade, Avenida Montero.

En BAYONA a José Rodríguez de Vicente, Urzáiz, 11,

En MADRID a Lois Corton, Blasco de Garay, 50.

Na HABANA a Manuel Blanco Pascual.

En BOS AIRES a Ramiro Isla Couto, Rúa do Brasil, 1.084.

En Muxía, a Gonzalo López Abente.

En PONTEVEDRA a Castela.

En LUGO, Julio López, Abastecimento d'Augas.

En VIVEIRO, Ramón Villar Ponte

En LIVERPOOL, Joaquín Peña, 71 Belgrave Road.

Estos mesmos señores espallarán gratis exemplares de 'Rexurdimento, a quen'os solicite.

# REXURDIMENTO

2.<sup>a</sup> ÉPOCA

ORGÃO D

I. N. G.

1923

## O IDEAL NAZONALISTA.

**D**ITOS coidan aínda que o ideal nacionalista non ten outra finalidade que a de conquistar a independencia de Galicia arredando do Estado que tenciona ausorbela impóndelle fala, costumes e leis estranas; e que ven decote zuchándolle o celme do seu traballo sin lle donare as ventaxas moraes e materiaes que deberan compensala da súa contribución á vida colectiva dos pobos que integran a Península.

Arredar á Galicia do Estado hespañol pra que siga sendo o que foi deica agora, sería certamente un empeño sin grande trascendencia. Tamén nós temos fondos vicios na casa, i-é pósito que si hoxe estamos mal gobernados, non-o estivéramos moito millor ó arredármolos da Hespaña Sementadas no noso chan existen corrupeíós e inxusticias que cicais xermolasen o mesmo na Galicia libre que na Galicia dependente, e poida que non pagara a pena nin fora lexitimo fomentar unha rebeldía, con total-as responsabilidades que ha tragner consigo, si no corazón e na conciencia non latexase outra pasión que a da xenreira para o alleo, por moi xustificada que tal xenreira estívese.

Non. Os nacionalistas galegos—referímonos ós *verdadeiros* nacionalistas—queren unha Galicia totalmentes ceibe; pero queren tamen unha Galicia moito millor que a de agora. O seu pensamento ven sendo, en síntesis, o seguinte: Galicia, que é unha nación craramente definida, ten como total-as nacións naturais da Terra, un xenio característico que é forzoso desenrolare na liberdade mais comprata: Como total-as nacións da terra, ten tamen a obriga de millorarse materialmente deica percurar-o benestar físico dos seus individuos, termado da súa sanidade e buscándolles unha relativa nivelación económica, nivelación que se propón intentar, de un xeito natural, estimulando as produciós do chan en todol-os ordes, percurando desterrar-a cobiza das conciencias, sementando n'elas a xenerosidade, fomentando o culto o traballo e ó amor os praceres que graciosamente proporciona a natureza; de un xeito artificial, formulando unha lexislación axeitada que se ha inspirar, necesariamente, na xusticia mais pura.

Pra millorarse espiritualmente vai a esforzarse en abranguer que todol-os homes galegos sexan intelixentes e xustamente libres, pra que cada un d'eles poida desenrolar i-espallar o seu pensamento, loitando d'iste xeito por liberal-a súa conciencia e por contribuír coas ideas á liberación da conciencia humana, escrava secular da dúbida, da mentira e do misterio.

Ollase, pois, de un xeito craro e indubidable que o nacionalismo, loixe de ser un movemento escuro e retrógrado, áchase inspirado n'unha das mais xustas e avanzadas idealidades. Ollase tamén que, pra poder pór en prautica os ideales nacionalistas, compre, como condición inevitable, a de abranguer a liberdade absoluta e total da Galicia. O arredo non é, por conseguinte, unha argallada caprichosa de catro revoltosos: é, sinxelamente, a primeira necesidade de un pobo que tenciona vivir, traballar, mellorarse a si mesmo en todol-os ordes e contribuír ó milloramento dos mais pobos da terra. Nos non poderemos ser *nós* espiritualmente namentras unha influencia allea, imposta á forza, nos conte o espírito e nos prive de pensar pola nosa conta; e tampouco poderemos selo economicamente, namentras non sexamos nós mesmos os que estudiemos e administremos o noso traballo e a nosa riqueza, que hoxe ausorbe, malversa i-espalla torpemente un Estado que, polo menos n'este senso, chegou ó máisimo do descreto.

É ollase, principal e derradiativamente que, pra poder chamarse nacionalista, non abonda con berrar pola liberdade da Terra ni con predicar ós catro ventos xenreiras asañadas. Cando Galicia *queira* ser libre, o será sin que haxa poder human capaz de impedirlo. O que fai falla é *querer* ser galego, querer ser *un bon galego* en todol-os sentidos. N'esta cruzada de traballo arreo, sementeira constante de ideales honrados, que é o nacionalismo noso, non caben os laezás, como non caben tampouco os malos pais de familia. Os que

Mozos galegos, si queredes fa-  
guer un bon servico á vosa Terra,  
pedide ingreso na I. N. G.  
verdadeira orgaización de homes  
honrados, que vos ha entusias-  
mare cando a teñades conecido.

Percisase a axuda de todol-os  
limpos de curazón e de concen-  
cia sán. Chámasevos prá obra  
mais grande que se ten feito na  
Galiza. Obra apostólica de cul-  
tura patria. Quen seipa d'un sim-  
patizante co'a nosa ideoloxía en  
calquera vila ou aldeia que nol o  
comunique pra nos pór en rela-  
ción con él.

Tódal-as adesiós e avisos a  
J. Calviño, Orzán, 33, Cruña.

veñan a nós han de vir dispostos a ser, *necesariamente*, homes de ben, pois soio d'iste xeito se pode aspirar a que a Galicia de mañá sexa o que nós tencionamos faguer de ela: Unha nobre comunidade de espíritus escolleitos, de homes cultos, xenerosos e libres, capaces de abranguer que a Terra Galega constituia; pola súa cultura e as súas virtudes, un exemplo pra total-as demáis nacións da Humanidade.

Manuel F. Barreiro.